
A ESFERA CELESTE

Texto de OLLI JALONEN

Tradución de TUULA AHOLA e TOMÁS GONZÁLEZ AHOLA

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 560 pág. 18 €
PREMIO FINÉS DE FICCIÓN (2018)

[A esfera celeste](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-90-0. Narrativa. Faktoría K de Libros.

[La esfera celeste](#) (castelán)

ISBN 978-84-16721-91-7. Narrativa. Faktoría K de Libros.

Como tarefa de día, o señor Hawley asignoume os paxaros.

*Estounos anotando todos os días con sementes de cabaza,
con grans, cos de arroz e cos de trigo por separado,
e cos chícharos secos.*


Por cada paxaro que pasa por diante do oco de anotar

*Movendo as ás ruidosamente en arcos grandes, como as aves
de pasteiro, as torcazas marróns e as pombas bravas,
deixo caer na cunca de barro un gran de trigo....*

Ambientada na década de 1680, nos albores da Ilustración, a ciencia e a fe enfróntanse nesta emotiva historia. Angus é un campesiño de sete anos que vive coa súa nai e coa súa irmá na illa atlántica de Santa Helena, pertencente ao reino británico e dominada por un despótico gobernador. Ninguén na aldea quere a esta familia, que só conta coa protección do reverendo Burch.

A tarefa que lle encomenda a Angus o astrónomo Edmund Halley -que pasara un tempo estudando plantas e animais mentres observaba os movementos estelares- consiste en contar o paso de certas aves; desa maneira é como a destra a vista para chegar a ver directamente no ceo o que outros só poderían percibir a través dun telescopio. Mentres practica, Angus soña con viaxar a Londres e traballar como axudante de Halley. Pero unha traxedia acontece en Santa Helena e o rapaz agóchase nun barco con destino a Inglaterra, cunha nota cosida dentro da súa camisa. Quen lle diría que alguén tan humilde coma el chegaría a desempeñar un papel determinante na historia da ciencia...

Olli Jalonen combina a voz narrativa de Burch coa de Angus; mentres este último ten unha visión inxenua dos acontecementos, coñecemos o que realmente sucede na illa a través do reverendo. Nesta deliciosa lectura destacan as reflexións filosóficas sobre relixión e humanidade. E malia que a acción é mínima, ten a intensidade das novelas de aventuras. A principal mensaxe radica na esperanza: mesmo en tempos difíciles e cheos de desgrazas, o protagonista é capaz de manter a mente aberta á curiosidade e ao coñecemento.



- **Temática:** confrontación entre ciencia e relixión.
- **Destinatarios:** lectoras e lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** historia, relacións xeopolíticas entre Inglaterra e os territorios de ultramar; astronomía, ciencia; intrigas nunha pequena comunidade rural.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-esfera-celeste-g>

Olli Jalonen

(Helsinki, 1954)

Graduado en Ciencias Sociais e Literatura e doutor en Filosofía pola Universidade de Tampere, é un dos autores máis prestixiosos de Finlandia. Viviu en Finlandia, Suecia e Irlanda traballando como reporteiro e investigador. Compaxinando inicialmente o labor xornalístico coa súa carreira literaria, dende 1978 ten publicado unha vintena de obras -traducidas a varias linguas- entre novelas, coleccións de relatos breves e textos teatrais, ademais de seriais radiofónicos e guións para televisión. Dende 1981 dedícase exclusivamente á faceta de escritor. Entre os recoñecementos que recibiu destacan o Premio Finlandia (1990 e 2018), o Premio da Cultura Finesa, o Kalevi Jänti e o Eino Leino, ademais de estar nominado en varias ocasións ao Premio de Literatura do Consello Nórdico. Durante décadas, Jalonen ten novelado arredor da figura de Edmund Halley. De feito, «A esfera celeste» -a súa primeira tradución ao galego- ten un antecedente literario nun libro escrito en 2008 sobre unha carreira ficticia arredor do mundo con comezo e final en Greenwich; as peripecias do científico e mais do seu aprendiz continúan noutra novela publicada en 2019.